




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Ria da Coruña. Concello: Oleiros. Parroquia: San Cosme de Maianca; San Martiño de Dorneda no extremo máis ao sur. Extensión: 0,61km<sup>2</sup>

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Unidade estreita, con fronte cantil de parede vertical e potente, con depósitos areosos e de cantos ao pé, alternando con retrincos de plataforma rochosa. As vertentes son aplanadas ou en relevo suave, algo maiores cara á cima do Monte Castro, que cerra a unidade de forma semicircular.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade pertencente ao Dominio da "Serie de Ordes", cunha ampla gama de materiais metamórficos xistosos e cuarzoquistosos de idade precámbrico-silúrica.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Unidade de condicións climáticas homoxéneas dado o seu pequeno tamaño. Dominio climático Cálido e Subhúmido con temperatura media anual por encima de 15°C e entre 1000mm e 1200mm de precipitación acumulada. Oscilación térmica media entre 12,5°C e 13,5°C.

#### OS SOLOS

Toda a unidade presenta cambisols eútricos, nunha superficie bastante plana sobre materiais xistosos. Con todo, algunhas zonas deben conter só antrosols debido á intensa transformación humana.

#### AS AUGAS

Unidade que verte á masa de Augas Costeiras 20126. A vertente costeira ten escasa prolongación continental e fórmana pequenas valgadas sen rede fluvial significativa.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Costa acantilada na que domina o hábitat 1230 de cantís atlánticos e aparece, en plataformas rochosas intermareais, algunha praia de cantos o 1210, vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Hábitats potenciais as brexeiras 4030 e 4040.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Trátase dunha unidade na que a práctica totalidade do solo se dedica a usos residenciais, xa consolidados ou en proceso de desenvolvemento. No bordo oriental, nas ladeiras do Monte Abelleiras, o solo destínase a funcións forestais, mediante plantacións arbóreas de repoboación. Só se mantén exento de intervencións antrópicas a fronte litoral máis inmediata aos cantís, recuberto de formacións vexetais costeiras.

#### MORFOLOXÍA

Os únicos núcleos tradicionais da unidade eran o de Cabreira, situado ao pé da estrada AC-173 na parte nororiental, e o de Lourido Grande, no extremo meridional unido pola mesma vía. Estes dous asentamentos non experimentaron un crecemento reseñable, xa que os numerosos fenómenos residenciais que se rexistran nesta unidade responden a outra natureza. O morro de Canide, a formación xeográfica que caracteriza esta unidade e que abarca case toda a súa superficie, foi urbanizada na súa práctica totalidade, mediante unha tipoloxía de vivenda unifamiliar illada apoiada nunha vía principal que percorre a península.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

O ámbito é atravesado ao longo do seu parte oriental pola vía AC-173 en dirección norte-sur, paralelamente á costa, unindo os núcleos de Cabreira e Lourido Grande. O resto das vías que tradicionalmente articulaban o territorio desapareceron, do mesmo xeito que a estrutura parcelaria á que daban acceso, debido aos crecementos residenciais recentes. No seu lugar, a vía transversal máis importante é agora a que percorre o morro de Canide, que engancha coa AC-173.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

O elemento patrimonial máis importante desta unidade é o Castro de Morro Canide, castro romanizado datado entre s.I-IV d.C. que se atopa na península de Castro de Cabreira. No depósito romano de Praia de Portelo, á beira mesmo da península, atopáronse cerámicas, ladrillos e estruturas murarias romanas, polo que se cre que formaron parte do mesmo asentamento, que desbordou os límites orixinais do castro. No límite oriental rexístrase outro castro, cofecido como Os Redondos, na ladeira do monte A Revolta.

**O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL**

A unidade de Castro de Cabreira caracterízase por tratarse dun territorio moi pequeno, intensamente ocupado polo home, cunha mestura de tipoloxías de vivenda, volumes e alturas carentes de estrutura e coherencia formal e funcional. Cuns límites paisaxísticos claros, delimitados polo fondo escénico que presentan as masas forestais do Monte da Revolta, trátase dunha unidade moi aberta ao mar, na que destaca pola súa singularidade a Punta de Canide, formando unha península que pecha polo sur a enseada de Mera. A intensa transformación á que foi sometida a unidade co paso do tempo fixo que se borrara por completo a súa estrutura territorial tradicional.

**DINÁMICA DA PAISAXE**

Tradicionalmente esta unidade dedicábase fundamentalmente á explotación agrícola, de maneira similar a todo o territorio que a rodea e concentrando a poboación nos núcleos compactos de Cabreira e Lourido Grande. As terras de cultivo desenvolvíanse ao longo da Punta de Canide, ocupando boa parte da superficie da península, e as terras interiores que baixan en suave pendente cara á costa. O paulatino abandono das actividades agrícolas foi, neste caso, substituído por unha aparición de usos residenciais que empezou pola península de Canide e na actualidade esténdese polo resto da superficie do ámbito.

**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

**3. AVALIACIÓN****VALORACIÓN DA PAISAXE**

Esta paisaxe presenta unha interesante forma natural de fronte cantís con teito plano, de especial valor ambiental e paisaxístico. A península do morro de Canide trátase dunha formación xeográfica de singular configuración, e supón o límite meridional da enseada de Mera. Ademais, a súa privilexiada posición permítelle erixirse en punto de observación tanto da fronte litoral da Coruña como da enseada de Mera e do territorio interior da unidade á que pertence. Tamén é un entorno que, desde o punto de vista arqueolóxico, garda moita información e trazas de civilizacións anteriores á nosa. Porén, ou as intensas transformacións experimentadas froito dos recentes desenvolvementos de carácter residencial ocasionaron unha perda das súas funcións ecolóxicas e da súa calidade paisaxística.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo

- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



